

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) réunese no día quince de xuño de dous mil dezaoto a Corporación deste Concello para celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comezo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Sergio Saavedra Guiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Manuel Javier Bacorrelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V), don Carlos Alberto Ameneiros Serantes de Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Asistidos da secretaria municipal, Carlota González Navarro.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

I. PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: 18.05.18 (ORDINARIA) E 29.05.18 (EXTRAORDINARIA E URXENTE).

Os borradores de actas precitados quedaron aprobados polo Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes ás citadas sesións.

2º.- ACORDO DE REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO PARA O PERÍODO ABRIL/2018 A MARZO 2019 E RECTIFICACIÓN DE ERROS, ACORDO ADOPTADO DE REVISIÓN DE PERÍODOS ANTERIORES.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA EN REFERENCIA A APROBACIÓN DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, FORMALIZADO COA EMPRESA FCC S.A (Fomento de Construcciones y Contratas S.A) NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE ABRIL 2018 A MARZO DE 2019 E RECTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO ADOPTADO EN DATA 18 DE MAIO DE 2018 EN REFERENCIA A REVISIÓN DE PREZOS DE PERÍODOS ANTERIORES.

Tras ser presentada en data 20.06.2012 (RE nº 2394), escrito pola empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A. (FCC SA), solicitude de revisión de prezos , que finalmente é resolta polo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 13.12.2013, non sendo interposto recurso de reposición contra o dito acordo pola empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos.

Verificado que a cláusula terceira do contrato administrativo para a prestación de servizos suscrito entre o Concello de Valdoviño e a empresa FCC S.A. suscrito en data 25 de marzo de 2011 para a recollida de residuos sólidos urbanos establece;

““ Con el fin de asegurar el equilibrio económico de la concesión, se procerá a la actualización del canón del canón anual, conforme lo señalado en los artículos 77 y siguientes de la LCSP (hoy 89 y siguientes del TRLCSP). Una vez finalizado el plazo de un año y de conformidad con el artículo 77 de la LCSP, se podrá producir la revisión de precios del presente contrato, aplicandose, como índice de revisión, las alteraciones de hasta el 85% de la variación experimentada por el IPC Provincial, sufra durante la vigencia del contrato tomando como dato de referencia el IPC publicado por el INE en el mes de la firma del contrato conforme a las reglas de cálculo establecidas en el artículo 78.3 de la LCSP(hoy artículo 90.3 del TRLCSP)”.

Constando no informe evacuado pola anterior interventora municipal (aos efectos da adopción do primeiro acordo de revisión de prezos o seguinte;

“A su vez el artículo 89.1 y 3 del TRLCSP, establece respecto a la procedencia y límites de la revisión de precios en los contratos de las administraciones públicas:

“1. La revisión de precios en los contratos de las Administraciones Públicas tendrá lugar, en los términos establecidos en este Capítulo y salvo que la improcedencia de la revisión se hubiese previsto expresamente en los pliegos o pactado en el contrato, cuando éste se hubiese ejecutado, al menos, en el 20 por 100 de su importe y hubiese transcurrido un año desde su formalización. En consecuencia, el primer 20 por 100 ejecutado y el primer año transcurrido desde la formalización quedarán excluidos de la revisión.

3.El pliego de cláusulas administrativas particulares o el contrato deberán detallar, en su caso, la fórmula o sistema de revisión aplicable.”.

“..El artículo 90 del mismo cuerpo legal, establece, que cuando la revisión de precios resulte procedente, el órgano de contratación determinará el índice que deba aplicarse, atendiendo a la naturaleza de cada contrato y la estructura de costes de las prestaciones del mismo.Cuando el índice de referencia que se adopte sea el índice de precios al consumo elaborado por el INE o cualquiera de los índices de los grupos, subgrupos,clases o subclases que en él se integran, la revisión no podrá superar el 85 por 100 de variación experimentada por el índice adoptado.

3.- Las fórmulas que se establezcan reflejarán la ponderación en el precio del contrato del coste de los materiales básicos y de la energía incorporados al proceso de generación de las prestaciones objeto del mismo. No se incluirán en ellas el coste de la mano de obra, los costes financieros, los gastos generales o de estructura, ni el beneficio industrial.

El índice o fórmula de revisión aplicable al contrato será invariable durante la vigencia del mismo y determinará la revisión de precios en cada fecha, respecto a la fecha de adjudicación del contrato. Los índices reflejarán, al alza o a la baja, las variaciones reales de los precios de la energía y los materiales básicos observados en el mercado y podrán ser únicos para todo el territorio nacional o particularizarse por zonas geográficas.

4.- Solicitada por FCC la revisión de precios del contrato administrativo para la recogida de residuos sólidos urbanos, y conforme lo establecido en el TRLCAP y en el contrato administrativo suscrito, se plantea en primer término si procede la citada revisión. El artículo 89.1 párrafo segundo del TRLCAP, establece que: “No obstante en los contratos de gestión de servicios públicos, la revisión de precios podrá tener lugar una vez transcurrido el primer año desde la formalización del contrato, sin que sea necesario haber ejecutado el 20 por 100 de la prestación.”. Las cláusulas 1 y 2 del contrato administrativo suscrito, tipifican éste como contrato de gestión de servicio público, en la modalidad de concesión, por tanto desde este punto de vista procedería la revisión una vez transcurriese un año desde la formalización del contrato, producida el 25 de marzo de 2011.

5.- La primera fecha de revisión contractual a tener en cuenta sería a partir de abril del año 2012, y posteriormente abril del año 2013, utilizando para ello el IPC provincial de los meses de marzo de 2012 y 2013, mes de la firma del contrato. El importe máximo a aplicar sería según la legislación expuesta el 85% del IPC provincial...”

En base al acuerdo adoptado por Xunta de Gobierno Local en data 10.12.2013, estableciéndose el precio que actualmente se está abonando a la concesionaria. O dicho acuerdo no fue reclamado por la empresa. En data 09.02.2018, emite informe a la interventora actual en el que deja constancia de lo siguiente;

“O primeiro que quero indicar tras o informe transcrito é que queda pendente de actualizar a revisión de prezos dos períodos que transcurren entre;

- Abril de 2014 ata marzo de 2015
- Abril de 2015 ata marzo de 2016
- Abril 2016 ata marzo de 2017
- Verificados os porcentaxes de variación comprobábase que algúns son de importe negativo, vista doutrina sobre a materia, procede a transcribirse parcialmente os

fundamentos de derecho do acordo 41/2014 de 2 de setembro do Tribunal de Contratos Públicos de Navarra, en referencia a revisión de prezos;

“Previamente al examen de las cuestiones planteadas en la reclamación, debe hacerse ciertas consideraciones acerca de la revisión de precios. Esta figura jurídica, tal y como señala la Sentencia núm. 874/2005 de 24 junio, del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 3ª) “nace precisamente como una excepción a los principios de precio cierto y riesgo y ventura del contratista que constituyen la regla en los contratos administrativos, de tal manera que el Decreto-Ley 2/1964 y más tarde la LCAP de 1995 y el Texto Refundido actualmente en vigor, conciben la revisión de precios como una cláusula de estabilidad o equilibrio financiero del contrato que implica una garantía frente a la inestabilidad económica (vid Sentencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 17 de diciembre de 1987), de suerte que en los contratos de larga duración y volumen importante la prestación dineraria a favor del contratista no se vea perjudicada como consecuencia de la inflación”. En definitiva, esta institución surge como una garantía frente a los riesgos derivados de la inflación (o deflación), en aquellos contratos en los que, por su larga duración, pueda verse afectado el equilibrio económico a favor de alguna de las partes. Y decimos alguna de las partes porque, tal y como señala el reclamante, no se trata de una cláusula que actúe exclusivamente a favor del contratista, como una limitación al principio de riesgo y ventura que debe presidir la ejecución de los contratos administrativos, sino que también puede operar a favor de la Administración contratante. Así se desprende del artículo 120 de la LFCP, que contempla ambas posibilidades al señalar que “El importe de las revisiones se hará efectivo mediante el abono o descuento correspondiente en las certificaciones o pagos parciales o, excepcionalmente, en la certificación final o en la liquidación del contrato cuando no hayan podido incluirse en dichas certificaciones o pagos parciales”.

Podemos concluir que non é unha cláusula que actúe exclusivamente a favor do contratista, como unha limitación ao principio de risco e ventura, se non que tamén pode operar a favor da Administración Contratante, e así se desprende do artigo 94 do TRLCSP (redacción idéntica a do artigo 84 da LCSP) que ao regular o pago da revisión establece:

“ El importe de las revisiones que procedan se hará efectivo , de oficio, mediante el abono o descuento correspondiente en las certificaciones o pagos parciales o, excepcionalmente, cuando no hayan podido incluirse en las certificaciones o pagos parciales, en la liquidación del contrato” .

En consecuencia corresponde efectuar revisión de precios ordinaria dos períodos indicados , correspondendo en consecuencia detraer a dita empresa importes da revisión a favor dos dous anos anteriores.

En base ao indicado na sesión Plenaria de data 18.05.2018 acordouse aprobar os novos precios fruto da revisión que corresponde para os períodos Abril de 2014 a Marzo de 2018, procedendo a rectificación do acordo adoptado, que adolecía de erros materiais

e carecía de concreción, toda vez non concretaba os datos concretos da revisión, e que agora se inclúen;

Segundo os cálculos

Abril 2014 a Marzo de 2015	$240.777,61*(0,00)*0,85=240.777,61$ € sen. variación
----------------------------	------------------------------------------------------

Abril 2015 a Marzo de 2016	$240.777,61*(-0.007*0.85)= -1432,63$ €. Quedaría un canon anual de 239.344,98 € sen IVE. O importe a compensar ao concello con IVE sería de 1.575,84 € (22.071,28-21.939,96) *12
----------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Abril 2016 a Marzo de 2017	$239.344,98*(-0.012*0.85)=-2.441,32$ €. Canon anual sería 236.903.66 €. Cuota mensual sin iva 19.741,97 €. 21.716,17 € (con ive) . A diferencia a compensar ao concello sería 4.261,32 (22071.28-21.716,17)*12
----------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Abril 2017 a Marzo de 2018	$236.903,66*(0.028*0.85)=5.638,31$ €. Canon anual sería 242.541,97 € . Cuota mensual sin iva 20.211,83 €. 22.233,01 € (con ive). A diferencia a favor da empresa neste período sería de 1.940,76 € (22.233,01-22.071,28)*12
----------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Igualmente , despois da emisión do informe da intervención que figuraba no expediente (febreiro de 2018), tras a publicación do IPC provincial a marzo de 2018, procede tamén acordar a revisión do período , abril de 2018 a Marzo de 2019, os cálculos da dita revisión serían os seguintes

Abril 2018 a Marzo de 2019	$242.541,97*(0.011*0.85)=2.267,77$ €. Canon anual sería 244.809,74 € . Cuota mensual sin iva 20.400,81€. 22.440,89 € (con ive)
----------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Visto o indicado, procede adoptar o seguinte acordo

PRIMEIRO: Acordar rectificar o acordo adoptado na sesión Plenaria de maio referido a revisión ordinaria do contrato , establecendo o acordo de revisión de prezos do dito contrato no período Abril de 2014 ata marzo de 2018, nos importes antes indicados. En consecuencia deberá emitirse facturas rectificativas de abono pola empresa,

correspondente aos períodos nos que a revisión resulta á baixa aos efectos de compesala cos pagos que se vaian a producir.

SEGUNDO: Acordar a revisión ordinaria de prezos do contrato, conforme se determina na cláusula terceira do contrato administrativo para o período Abril 2018 á Marzo de 2019 para a prestación de servizos suscritos entre o Concello de Valdoviño e a empresa FCC, no importe antes indicado. En consecuencia procede requerir a rectificación da factura de Abril, aos efectos de poder abonar o importe que corresponde a maiores.

TERCEIRO: Notificar a dita empresa o acordo adoptado.

En Valdoviño, a 15 de xuño de 2018.

O Alcalde;

Asdo: Alberto González Fernández”.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta da Alcaldía, anteriormente reproducida.

Rematados os asuntos da parte dispositiva da Orde do Día, o Sr. González Fernández presenta por via de urxencia dos asuntos:

.- A aprobación de addenda ao Convenio co Consorcio Galego para centro socio-comunitario. Motiva o Sr. Alcalde a urxencia deste asunto en base á petición do Consorcio da tramitación da sinatura desta addenda - en caso de procedencia -, coa maior brevidade posible.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade ratifica a urxencia deste punto que pasa a incluírse dentro desta sesión Fóra da Orde do Día:

.- ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

Proposta de Alcaldía:

“Con data 20/09/2016 foi asinado o convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Valdoviño para o financiamento das obras de acondicionamento do inmovible situado na parroquia de Valdoviño, lugar de Atios, para Centro Sociocomunitario do Concello.

A través de dito Convenio o Consorcio comprométese a achegar ao Concello unha cantidade máxima de 150.000 euros durante ás anualidades 2016, 2017 e 2018, coa seguinte distribución: 15.000 € no 2016, e 67.500 € no 2017 2018 respectivamente.

Dado que non foi posible a finalización das obras no prazo previsto o Concello solicitou ó Consorcio a modificación da cláusula 2ª do Convenio có obxecto de trasladar ao 2019 á xustificación final do mesmo.

Tras a remisión da Addenda ao Convenio por parte do Consorcio á cláusula segunda do mesmo modifícase coa seguinte distribución da achega:

2016: 15.000 €

2018: 67.500 €

2019: 67.500 €

Porén **A ALCALDÍA PROPÓN** que se adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: .Modificar á cláusula 2ª do CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, segundo á seguinte distribución.

2016: 15.000 €

2018: 67.500 €

2019: 67.500 €

En Valdoviño, a 15 de xuño de 2018
O alcalde,
Asdo. D. Alberto González Fernández”

Sometida a votación a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita, resultou aprobada polo Concello-Pleno en votación ordinaria e por unanimidade.

.- Iniciar os trámites para adquirir os terreos da antiga cámara agraria. . Motiva o Sr. Alcalde a urxencia deste asunto en base a que é preciso actuar canto antes porque a Xunta quitou a poxa o soar.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade ratifica a urxencia deste punto que pasa a incluírse dentro desta sesión Fóra da Orde do Día:

ACORDO PARA ICINIAR ÓS TRÁMITES PARA A ADQUISICIÓN DOS TERREOS DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA Á XUNTA DE GALICIA.

Proposta de Alcaldía:

“No século XX á antiga Irmandade de Labregos de Valdoviño adquire unha serie de parcelas para a construción da súa sede. Pasado o tempo e desaparecida a asociación a antiga Cámara Agraria e os seus terreos anexos pasan pola normativa en vigor á súa xestión pola Xunta de Galicia.

Declarada ruína e derrubada a edificación da antiga cámara a Xunta de Galicia saca a subasta os soares de referencia porén dende o Concello trasládase á Xunta de Galicia o interese na súa adquisición para o patrimonio municipal, transmitíndose que a Xunta paralizaría dita subasta se o Concello acorda á adquisición do mesmo.

Porén **A ALCALDÍA PROPÓN** unha vez se incorpore ao Pleno á proposta que se adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: ICINIAR ÓS TRÁMITES PARA A ADQUISICIÓN DOS TERREOS DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA Á XUNTA DE GALICIA.

En Valdoviño, a 15 de xuño de 2018
O alcalde,
Asdo. D. Alberto González Fernández”.

DELIBERACIÓN

O Sr. Alcalde toma a palabra para falar sobor da poxa do solar da Cámara Agraria tramitada pola Xunta de Galicia da que apareceu nota na prensa. Informa de que Medio Rural fixo unha taxación de 165.000 euros que acabaron reducindo a uns 115.000 euros. De que comunicaron ao Concello de que si éste está interesado na adquisición y lle lo comunicamos paralizarían a poxa.

Por esta razón o Sr. Alcalde propón á Corporación iniciar os trámites de trasladar á Xunta a interese do Concello polo solar.

O Sr. Vigo Lago pregunta se non terán que facer os técnicos municipais unha valoración, indicando a Secretaría de que o Concello debería ter unha valoración e o Sr. Alcalde considerao tamén así ou que polo menos os técnicos municipais se pronuncien respecto da valoración efectuada pola Xunta.

O sr. Alcalde pregunta aos membros da Corporación se están de acordo en que se lle transmita á Xunta a pretensión do Concello de adquirir o solar e o Pleno por unanimidade mostrase conforme co proposto pola Alcaldía.

O Sr. Ameneiros Serantes considera que se Valdoviño vai invertir cartos en facerse coa propiedade (solar) a Xunta debería revertir eses cartos en inversión para este Concello.

O Sr. Rodríguez Fernández di que ademáis está idea está argumentada, porque os propios veciños de Valdoviño o mercaron con cartos propios cando se fixo a Cámara Agraría.

Vista a anterior proposta de Alcaldía o Concello-Pleno acordou aprobala, en votación ordinaria e por unanimidade.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA.

En virtude do estipulado no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos decretos emitidos dende o 10 de maio ao 13 de xuño de 2018, que abarcan os números de 152 ao 205 ao obxecto de que os/as concelleiros/as teñan constancia do desenvolvemento da administración municipal, e aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno, previstos na LRBRL (Lei reguladora das Bases de Réxime Local).

O pleno tomou razón.

4º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.

Dáse conta ao Pleno do periodo medio de pago global a provedores trimestral (11,66 días) e das Execucións trimestrais das Entidades Locais. Trimestre 1- Exercizo 2018.

O pleno tomou razón.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG.-

Sr. Ameneiros Serantes.-

.- Pregunta en canto ao estado de cesión do mantemento do Centro de Saúde.

Sr. Alcalde.- Estamos remitindo información que nos solicitaron, dos gastos do Concello no Centro. A Consellería está realizando obras no edificio e redatando unha mellora estrutural do Centro. (Amplianse dúas consultas e modifícanse espazos, entre eles cambio de consulta da matrona- para o piso de arriba- e creación dunha sala de reunión para os médicos).

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO.-

Sr. Bacorelle Robles.-

.- Pregunta sobor do surf.

Sr. Alcalde.- Nos piden o traslado do campionato para a Frouxeira (está prevista para o vindeiro luns reunión cos técnicos da Federación).

.- Interesase polo estado do camping municipal.

Sr. Alcalde.- Estase tramitando o expediente para o contrato da concesión.

.- Pregunta pola situación do campo de fútbol de Mourente.

Sr. Alcalde.- Vaise facer a contratación.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL.-

Sr. Beceiro Rodríguez.-

.- Pregunta polo recurso sobre a licitación do Servizo de Axuda no Fogar.

Sra. Secretaria.- Está remitido ao Tribunal de Contratación, á espera de que nos digan se debemos iniciar de novo a tramitación ou facer modificacións nos prezos.

.- Traslada as queixas de veciños pola mestura, que según eles se fai na recollida do lixo.

Sr. Alcalde.- Empregan os mesmos vehículos nas recollidas, pero en distintos tránsitos.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP.-

Sr. Vigo Lago.-

.- Expresa o seu malestar e o dos veciños ante a falta de limpeza das pistas, o abandono das beirarrúas (concretamente en Taraza e Cantodomuro) e pola existencia de numerosas fochancas a nivel xeral no municipio.

Sr. Alcalde.- Atendemos ao coidado das beirarrúas, non empregamos herbicidas, contratamos para limpeza manual, aparte, contamos cun tractor máis traballando.

Sr. Vega Fernández.- Hai un mes fíxose a limpeza na parroquia de Meirás.

Sr. Alcalde.- Para solucionar o dos baches estamos agardando as contratacións. Onte confirmamos o POS Adicional 2018 (para melloras en pistas e alumeados públicos) e incorporamos facturas porque outorgaron maior achega provincial e en base á modificación de crédito estamos facendo memorias para rebacheos.

Sra. Freire Aneiros.- ¿Cando comeza a abertura da piscina?

Sr. Alcalde.- Vanse dar cursos de formación, pero non haberá piscina libre e os cursos concertaranse en piscina distinta da municipal, porque ésta precisa de obras considerables. Efectuouse proceso de selección para socorristas pero soio se presentou un socorrista.

Sr. Rodríguez Fernández.-

.- Pregunta polo expediente de lindes do Concello.

Sr. Alcalde.- O martes que ven, teremos reunión co Concello de Moeche.

Sr. Rodríguez.-

.- Pregunta en qué fase está o planeamento municipal.

Sr. Alcalde.- Contestarei en próxima sesión.

Sr. Rodríguez.-

.- Roga se comprobe a situación do verquedoiro municipal clausurado.

.- Roga se axilice a cesión do mantemento do Centro de Saúde, costoso para o Concello.

.- Roga se dea urxenza á tramitación do expediente do rueiro municipal e numeración das vivendas.

Sen máis intervencións nen asuntos que tratar, cando son as vinte horas e cincuenta minutos a sesión chega ao seu remate e queda levantada polo Sr. Alcalde-Presidente, do que como Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,